

Ilustración gañadora do Concurso de Postais de Nadal 2013

Autor: DANIEL ANTELO REY

(6º curso de Educación Primaria)



A comunidade educativa
do C.E.I.P. Víctor Sáenz
quere desexarlle:

BO NADAL
e
FELIZ ANO 2014!!!



ESFOLLADA

De día apañouse o millo
e carrexouse prá casa.
De noite veñen veciños
pra axudarnos á esfollada.
Contos. Cantigas. Silencios.
Nalgún momento, a baralla
xoga á birisca ela soa
coas cartas encapotadas.
Meu padriño enrestra espigas
das más grandes e douradas.

Ventea na chaminea
e entra o silencio na casa.

APAÑA DAS PATACAS

O arado deixa un ronsel
de patacas pola canle.
Darrastro van os labregos,
cheos de terra e de aldraxes.
Levan as maos enterradas
buscando longas verdades.

Os carros de seis ladrailros
van por camiños longales.

Poemas de Darío Xohán Cabana (Terra Chá, 1952) seleccionados pola súa relación co Proxecto que estamos desenvolvendo durante o presente curso no centro, o cal, baixo o título "Papacontos, zampalibros", xira en torno ao tema da gastronomía.